Traballo de apoio

Morfoloxía. Orixe e formación das palabras. As palabras variables 1 (substantivo e adxectivo)

ACTIVIDADES:

1. As palabras referidas a plantas e animais, como o *carballo*, o *amieiro* ou o *rodaballo*, e os nomes relacionados coa vida doméstica e agrícola, como *veiga*, *berce* ou *carro* é común ás palabras de orixe prerromano. Trata de establecer un cadro en que sintetices as compoñentes do substrato, do estrato e do superestrato da lingua, e sinala todos aqueles aspectos que consideres característicos de cada momento. Non esquezas sinalar tamén a cronoloxía de entrada dos estratos para que poidas organizar mellor os precedentes que deron orixe ao galego.

Substrato		Estrato		Superestrato		Formación da lingua	
Linguas		Lingua		Linguas		Época	
Exemplos		Tipo de palabras segundo época		Exemplos		Procedementos internos	
Época				Época		Procedementos externos	
		Época					
…		…		…		Outros procedementos	

2. Repara en que as formas *Pleno* (<PLENUM), *lácteo* (<LACTEM), íntegro (<INTEGRUM) son case idénticas ás correspondentes orixinais latinas, polo que non experimentaron apenas evolución. Isto significa que a súa entrada na lingua é recente e non tivo tempo para *desgastarse* cos distintos fenómenos que afectan as palabras ao longo do tempo, como si acontece coas formas patrimoniais. No seguinte cadro, trata de adiviñar as palabras que derivan das formas latinas que se che ofrecen, e indica as súas formas cultas, semicultas e patrimoniais. Lembra que podes poñer máis de un exemplo por cada forma. Atende os exemplos:

Étimo latino	Forma culta e semiculta	Forma patrimonial
LUNAM	lunático/a	
COLOREM		corar
MOLAM		
TABULA		
VOLUNTATE	voluntarioso/a	

3. Define o concepto de derivación, composición e parasíntese. Pon dous exemplos de cada tipo de palabras. A continuación, xustifica por que *picapedreiro* é palabra parasintética e *norteamericano* derivada realizando a descomposición morfolóxica de cada palabra.

4. Anota algúns préstamos que se che ocorran e indica a lingua da que cres que proceden e se están ou non adaptados. Pensa en se ese préstamo está ou non substituíndo outra palabra existente xa na lingua e que se utilice co mesmo significado; se é así, anota a palabra orixinal galega e marca o préstamo cun asterisco.

Préstamo	Lingua de orixe	Está adaptado?	É recomendable o uso do préstamo?	Forma galega
parking	inglés	non	non	aparcadoiro / *parking
garaxe	francés	si	si	garaxe
jueves	castelán	non	non	xoves / *jueves
…	…	…	…	…

5. Procura nos apuntamentos información sobre a determinación do substantivo e escribe coas túas propias palabras o seu significado. A continuación, resume nun cadro os distintos tipos de determinación que se presentan e asóciao ás clases de palabras que desenvolven esa función. Pon exemplos.

Significado:

Tipo de determinación	Clases de palabras	Exemplos

6. Revisa os contidos dos apuntamentos e clasifica os seguintes substantivos de acordo co seu significado e a súa composición morfolóxica: carballeira, rapaz, Cangas, sabedoría, moeda, leite, bolígrafo, exército, paraugas, setemesiño.

7. Repasa as normas para a formación do xénero feminino e sintetiza nun cadro as súas principais características. Préstalle especial atención a aquelas palabras que presentan diferenzas de significado segundo aparezan en masculino ou feminino. Fai unha lista coas máis representativas.

8. Repasa as normas para a formación do número e sintetiza nun cadro as súas principais características. Utilizando un dicionario escolar ou

indagando en internet, trata de construír unha lista o máis ampla posible de palabras invariables en canto ao número.

9. O adxectivo posúe a propiedade de graduar en intensidade a cualificación que realiza do substantivo que acompaña. Así, unha casa pode ser *grande*, *moi grande*, *a máis grande*, *tan grande como…*, etc. Recoñécense tres graos: positivo, comparativo e imperativo. Consultando os apuntamentos, repara especialmente na construción do comparativo e do superlativo. Sintetiza nun cadro os usos das conxuncións comparativas de igualdade *como* e *coma*, así como das conxuncións de superioridade e inferioridade *ca*, *que* e *do que*. Trata de responder estas preguntas: en que casos concretos se utiliza cada unha delas?, con que elementos poden contraer?, con que elementos non poden contraer? Pon exemplos.

10. Se non o fixeches no exercicio anterior, consulta os apuntamentos e repara especialmente na construción do comparativo e do superlativo. Sintetiza nun cadro os usos das conxuncións comparativas de igualdade *como* e *coma*, así como das conxuncións de superioridade e inferioridade *ca*, *que* e *do que*. Trata de responder estas preguntas: en que casos concretos se utiliza cada unha delas?, con que elementos poden contraer?, con que elementos non poden contraer? Pon exemplos.
Tendo en conta o cadro sintético que elaboraches, coloca a conxunción comparativa que mellor lle corresponda a cada exemplo:

1. Era_____fedello_____o seu curmán
2. Obtivo uns resultados mellores _____pensaba
3. É case_____rico_____o alcalde.
4. Nunca estaba_____atento_____min.
5. Agora é_____forte_____o Ricardo.
6. Penso que ten _____ poderes_____ti
7. Atopou _____moedas _____ se propuxo.
8. Está _____alto_____a irmá.
9. Vale_____ser pillo_____pillado.
10. Estás _____ tolo _____ nunca.
11. Fixo_____se non nos vise.
12. Ti fai _____ el e xa verás.

RESPOSTAS:

1:

Coa realización deste exercicio preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes optar por modificar esta táboa ao teu xeito, de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, este exercicio tamén trata de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información.

2:

Étimo latino	Forma culta e semiculta	Forma patrimonial
LUNAM	lunático/a, lunación, lunar, lunario, lunático/a, lunisolar, etc.	lúa, luada, luar, luarada, aluado/a, etc.
COLOREM	color, colorable, coloración, colorado/a, colorante, colorar, colorear, colorete, colorido, colorimetría, colorismo, colorista, etc.	cor, corar.
MOLAM	molar, premolar, etc.	moa.
TABULA	tabular, tabulario, taboleiro, tabulador, etc.	táboa, taboado, taboadela, taborela, etc.
VOLUNTATE	voluntarioso/a, voluntariado, voluntariedade, voluntarismo, voluntarista, etc.	vontade.

3:

Derivación: procedemento de formación de palabras consistente en engadirlle a un lexema prefixos e/ou sufixos. Panadeiro, empanar, etc.
Composición: procedemento de formación de palabras novas consistente na unión de dúas ou máis palabras ou morfemas léxicos. Xordomudo, tapacubos.
Parasíntese: procedemento de formación de palabras no que se dá, á vez, derivación e composición. Picapedreiro, aclarar.

-Picapedreiro é parasintética porque se forma simultaneamente por derivación e composición: pedra>*pedreiro>picapedreiro. Na secuencia de formación da palabra, tómase á vez a derivación e a composición, porque non existe, de feito, ningunha palabra que se corresponda co elemento intermedio *pedreiro.

Pica-$_{(Lexema)}$-pedr-$_{(lexema)}$-eir-$_{(MGLDS)}$-o$_{(MGLF\ de\ xº)}$-Ø$_{(MGLDF\ de\ nº)}$

-Norteamericano, en cambio, é derivada porque se le engade o sufixo *–ano* á forma composta xa existente na lingua *Norteamérica.*

Norte-$_{(Lexema)}$-americ-$_{(Lexema)}$-an-$_{(MGLDS)}$-o$_{(MGLF\ de\ xº)}$-Ø$_{(MGLDF\ de\ nº)}$

4 e 5:

Exercicios de realización libre. Coa realización deste exercicio preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes optar por modificar esta táboa ao teu xeito, de modo que

representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, este exercicio tamén trata de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información.

6:

Carballeira: substantivo común, concreto, contable, colectivo. Derivada.
Rapaz: substantivo común, concreto, contable, individual. Simple.
Cangas: substantivo propio. Simple.
Sabedoría: substantivo común, abstracto. Simple.
Moeda: substantivo común, concreto, contable, individual. Simple.
Leite: substantivo común, concreto, incontable. Simple.
Bolígrafo: substantivo común, concreto, contable, individual. Composta.
Exército: substantivo común, concreto, contable, colectivo. Simple.
Paraugas: substantivo común, concreto, contable, individual. Composta.
Setemesiño: substantivo común, abstracto. Parasintética.

7, 8 e 9:

Exercicio de realización libre. Coa realización deste exercicio preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquematices ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, este exercicio tamén trata de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información.

10:

1. Era_MÁIS/MENOS__fedello__CA O / CÓ / QUE_O_ seu curmán
2. Obtivo uns resultados mellores __DOS QUE___pensaba
3. É case____TAN___rico_COMA/COMO o alcalde.
4. Nunca estaba___MÁIS_____atento__CA_____min.
5. Agora é_____TAN_____forte_COMA / COMO_o Ricardo.
6. Penso que ten __TANTOS_____ poderes___COMA_____ti
7. Atopou ___MÁIS / MENOS__moedas __DO QUE___ se propuxo.
8. Está ___MÁIS____alto__CA A / QUE A / CÁ__ irmá.
9. Vale___MÁIS_____ser pillo__QUE___pillado.
10. Estás __MÁIS_____ tolo _QUE / CA___ nunca.
11. Fixo__COMO____se non nos vise.
12. Ti fai __COMA___ el e xa verás.